



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Xestión da Calidade		Código	610500022
Titulación	Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental (plan 2012)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Departamento profesorado másterQuímica			
Coordinación	Andrade Garda, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es	
Profesorado	Andrade Garda, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es	
	Del Castillo Busto, Estela		estela.delcastillo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A asignatura pretende proporcionar unha visión xeral acerca dun aspecto fundamental nas necesidades e requisitos que plantexan os empregadores no ámbito empresarial para contratar Titulados Superiores. Presentanse conceptos básicos acerca dos sistemas de Xestión da Calidade e da Xestión Medio Ambiental que son de interese potencial para alumnos de diferentes titulacións (estes últimos sistemas só se mencionan xa que son obxecto doutras asignaturas).			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das realidades interdisciplinares da Química e do Medio Ambiente, dos temas punteiros nestas disciplinas e das perspectivas de futuro.
A16	Comprender a problemática asociada aos residuos, os modos de xestionalos e as principais tecnoloxías de tratamento de residuos.
A18	Coñecer as implicacións económicas dos problemas ambientais, os instrumentos de política económica e os principais indicadores ambientais.
A19	Coñecemento e interpretación da lexislación, normativa e procedementos administrativos básicos sobre medios acuosos, chans e atmosferas. Comprensión das bases científicas e económicas da sustentabilidade.
A21	Comprender os fundamentos dos procesos de calidade e o modo de xestionalos.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e suizos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B6	Ser capaz de analizar datos e situacións, xestionar a información dispoñible e sintetizala, todo iso a un nivel especializado.
B8	Comprender, a un nivel especializado, as consecuencias do comportamento humano na contorna ambiental.
C2	Ser capaz de manter un pensamento crítico dentro dun compromiso ético e no marco da cultura da calidade.
C4	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C7	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C10	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



O obxectivo da asignatura é presentar ao alumno os conceptos básicos da xestión da calidade. Preténdese que o alumno entenda, asimile e sexa capaz de manexar estas ideas básicas para visualizar os elementos mínimos que debe abranguer un sistema de xestión da calidade nunha empresa.	AM1	BM3	CM2
	AM16	BM4	CM4
	AM18	BM5	CM7
	AM19	BM6	CM10
	AM21	BM8	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Introducción	Definicións subxectivas e obxectivas da calidade
Tema 2: Repercusión dos sistemas de xestión da calidade na sociedade	A calidade implícita
Tema 3: Modelos de xestión	ISO 9000 ISO 17025 ISO 14000 EFQM Responsabilidade social corporativa
Tema 4: Problemas habituais	Problemas habituais na aplicación dos sistemas de xestión da calidade Organización do traballo Participación dos empregados Delegación dos mandos Motivación e concienciación. Participación
Tema 5: Xeralizando a Calidade	Integración de sistemas: medioambiente e seguridade e protección (Oshas 18000)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A21 B3 B4 B5 B6 C4 C10	1	23.5	24.5
Sesión maxistral	A16 A18 A19 B3 B4 B8 C2 C7 C10	17	17	34
Estudo de casos	A19 B4 B5 C2 C4	2	11	13
Proba obxectiva	A1 A16 A21 B4 C2 C4	1	2	3
Atención personalizada		0.5	0	0.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Cada alumno realizará un traballo consistente na análise dun aspecto das guías internacionais de calidade. Alternativamente tamén se pode facer un estudo dun caso de éxito dunha empresa.
Sesión maxistral	Descrición e estudo dos fundamentos dos Sistemas de Xestión da Calidade. Problemas habituais e ventaxas da súa aplicación.
Estudo de casos	Tendo en conta a disponibilidad dos profesionais alleos á Universidade aos cais se ten solicitado a súa colaboración, poderán abordarse casos reais de implantación de sistemas de calidade na industria u organismos públicos.
Proba obxectiva	Resumo escrito dos casos prácticos presentados por persoas que desenvolven o seu traballo na empresa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Traballos tutelados Sesión maxistral	Nas sesións maxistraias poderanse discutir dúbidas que presenten los alumnos. Este é a opción preferida para as dinámicas de traballo. Nembargantes, establecece a opción de consulta de dúbidas ou discusión da bibliografía fora do horario docente habitual (nas horas de titorías). Os traballos tutelados terán un período previo de reflexión co profesor para o seu enfoque e centrado.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A19 B4 B5 C2 C4	Asistencia e redacción dos resumos escritos de cada un dos casos de estudo. Calidade na redacción, extracción de ideas chave, extensión dos temas tratados	20
Traballos tutelados	A1 A21 B3 B4 B5 B6 C4 C10	Boa redacción, explicacións relevantes e capacidade de síntese. Cántidade de referencias a seccións da norma oficial.	50
Sesión maxistral	A16 A18 A19 B3 B4 B8 C2 C7 C10	Asistencia ás clases maxistraias e aos casos prácticos; asemade, actitude participativa. Aporte de ideas e implicación nas discusións.	20
Proba obxectiva	A1 A16 A21 B4 C2 C4	Concisión na exposición das ideas que respondan ás cuestións plantexadas	10
Outros			

Observacións avaliación
A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, ou a detección de plaxio nalgunha delas, implicará que o/a estudante será cualificado con ?suspense? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario A asistencia ás clases e Conferencias (Charlas) é condición sine qua non para superar a asignatura ESTUDANTES CON RECOÑECIMENTO DE ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL Aplicanse os mesmos criterios de avaliación indicados anteriormente. ESTUDANTES CON DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA (de acordo coa normativa da UDC): O alumnado con dispensa académica de exención de asistencia será avaliado segundo os mesmos criterios de avaliación indicados anteriormente (salvo na parte de Seminarios onde se terá en conta soamente a resolución de cuestións/problemas expostos polo profesor). A realización das prácticas facilitarase dentro da flexibilidade que permitan os horarios de coordinación e os recursos materiais e humanos. Isto aplica a ambas as oportunidades.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Unión Europea (2017). Regulation EU 2018/2026. - ISO official website (2020). Información acerca ISO14001. - BADIA, A. (2002). Calidad, modelo ISO9001. Deusto
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario



Observacións

A asistencia á clase (incluso de forma virtual se así o determinan as condicións sanitarias) e a realización das actividades (nomeadamente, seminarios e traballo escrito) son condicións sine qua non para superar a asignatura. Perspectiva de Xénero

Buscarase desenvolver unha perspectiva cidadana crítica, aberta e respetuosa coa diversidade da Sociedade. Todo o alumnado terá os mesmos dereitos e trato.

Programa Green Campus Facultade de Ciencias

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a. Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático.

b. De realizarse/entregarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado, cando sexa posible.- Evitarase imprimir borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías